



UN NOVO ESCAPE EVIDENCIA A PERIGOSIDADE DE ELNOSA

De acordo coas informacións recollidas por diversas axencias informativas e publicadas vía internet ao longo desta mañá, arredor das 5 da madrugada produciuse un escape de ácido clorhídrico na factoría de ELNOSA, un incidente que –tal e como recoñece o servizo de bombeiros de Pontevedra- non revestiu maior gravidade ao non se dar unhas condicións de chuvia e/ou vento que puideran provocar a saída do ácido cara á Ría e da nube tóxica de cloro cara aos núcleos de poboación próximos ao emprazamento do complexo. De acordo con estas fontes, a saída do ácido tivo que ser neutralizada mediante un recubrimento con area e terra para impedir a súa saída fóra do recinto fabril e evitar danos no exterior. descoñecemos polo momento o volume de ácido vertido e a causa concreta desta saída ao exterior dos depósitos de almacenaxe, pero podemos adiantar que desde logo non coinciden as versións ofrecidas polos bombeiros e a dirección da fábrica de cloro.

Como vén sendo habitual, desde a fábrica de ELNOSA tentouse minimizar o incidente, e mesmo fálase dun pequeno escape de gas cloro que quedou rapidamente neutralizado sen que se teña producido a súa saída á atmosfera. Resulta lamentábel tamén a indefensión á que estamos expostas as persoas da bisbarra, que nin sequera recibimos información puntual e veraz destes sucesos; neste sentido, indicar que este mediodía a policía local de Pontevedra non tiña coñecemento do incidente, que ninguén respondía no teléfono de protección civil e que SOS Galicia afirmaba que neste servizo non daban información ao cidadán, limitándose a transmitir a información aos medios de comunicación.

Desde a APDR queremos denunciar unha vez máis o perigo que supón a presenza do complexo industrial ENCE-ELNOSA na nosa Ría e a irresponsabilidade de quen concedeu a AAI a unha empresa que demostra día a día manter unhas instalacións industriais obsoletas e que vai poder continuar pondo en perigo á poboación do seu contorno cando menos por dous anos máis.

Xa por último, insistimos unha vez máis en que o que hoxe foi un “pequeno incidente” pode ser en calquera momento unha catástrofe para a poboación da comarca; a presenza de ELNOSA en Lourizán é como ter unha bomba ao pé da casa, unha bomba que poida que non estoupe nunca pero que pode tamén dar lugar a unha verdadeira traxedia calquera día. Desde a APDR insistimos unha vez máis na necesidade de eliminar este constante perigo tomando a única solución real ao problema, o peche inmediato e definitivo das súas instalacións en Lourizán.

Pontevedra, 13 de novembro de 2009

Asdo.: Antón Masa, presidente da APDR.